



Foto: Cristina Cotele

En feminino plural

A Coruña das mulleres

Desde a AC Alexandre Bóveda (ACAB) levamos moito tempo denunciando a exclusión das mulleres do relato histórico e da memoria oficial. Entendemos en ACAB que é necesario construír, de modo colectivo e cooperativo, un fondo documental, gráfico e audiovisual que sexa útil para a información, a consulta e a investigación sobre a memoria feminina da cidade da Coruña. É así mesmo imprescindible traballar para visibilizar as mulleres desta cidade que non tiveron recoñecemento, salientando as memorias de vida, a documentación epistolar, a procura de información en redes, rexistros, libros... tratando de que non esmoreza a memoria e liberar do manto de esquecemento a todas aquelas mulleres que construíron cidade, que arrolaron, sostiveron, traballaron, desobedeceron, berraron, clamaron xustiza, racharon co establecido.

As nosas historias faranse tirando dun fío e relataremos a épica do cotián. A dificultade para atopar rexistros onde apareza recollido o traballo realizado é grande, na maioría das ocasións as mulleres non tiñan a titularidade nas empresas e negocios que rexentaban. Por iso, traballaremos con arquivos mais tamén con fontes directas, entrevistas e conversas coas mulleres que nos poidan transmitir a realidade desta cidade e as súas vivencias. Antes de que sexa tarde.

É por iso que nos decidimos a crear un grupo de traballo que nos permitira a investigación e a divulgación da historia de mulleres ligadas á cidade da Coruña. Neste momento temos 12 persoas anotadas: 11 mulleres e un home, mais estariamos encantadas de medrar.

En Galiza xa existen outros proxectos que para nós son modelo do que nos gustaría facer. É o caso do Concello de Pontevedra que logo de cinco anos de traballo plasman unha gran parte do realizado na súa web *Do gris ao violeta* que é o resultado dun esforzo colectivo que permitiu

reunir textos, nomes, vidas, fotografías, sons, novas... dunha historia das mulleres.

No noso proxecto serán un eixo central as Mulleres de clase traballadora: os grupos de mulleres que se levantan na cidade en 1918 contra a carestía da vida, das que non temos nomes individuais pero como colectivo son protagonistas dunha historia que nós cremos que debe ser contada.

O 18 de xaneiro de 1918 ten lugar na Coruña a primeira das revoltas sociais. Poderíase pensar que son accións espontáneas, mais o certo é que centos e centos de mulleres nos peiraos, nas loxas do centro, nos almacéns dos barrios..., e case á mesma hora, deciden asaltar e repartir os alimentos que requisan.

Mais hai igual outros colectivos importantes polo labor realizado e que hoxe toca coñecer e divulgar. Desde as lavadeiras ás cigarreras, desde as amas de cría ás mesteiras e logo, nesta cidade-barco, como chama á Coruña Xurxo Souto, todos os traballos ligados ao mar e ao porto, as mulleres que carrexan maletas, as peixeiras, as descargadoras do carbón...

Cando intentamos marcar liñas de traballo xorde sempre o papel das Pioneiras, certo que moitas delas eran mulleres da burguesía coruñesa que realizaron contribucións destacadas. Mulleres das artes plásticas, a literatura, a música... Tamén mulleres aforadas da historia, desde María Pita a Inés de Ben... mais, e aí volven estar as mulleres da clase traballadora, a primeira muller taxista, a primeira camioneira... E aquí xorde a necesidade de falar dos espazos de mulleres, dos lavadoiros, dos mercados, dos talleres de costura... E cumprirá tamén falar do traballo das mulleres que se ocupaban dos coidados: as leiteiras e as matronas, as amas de cría ou as costureiras.

Se tedes moita sorte pode ser que atopedes nun libro sobre o movemento obreiro esta historia: en abril de 1917, 40.000 lavadeiras protagonizaron en Petrogrado a primeira gran folga ao goberno provisional. Aquela folga axudou ao triunfo da Revolución Rusa. Mais é seguro que nunca atoparedes esta que sucedeu dez anos antes: as lavadeiras da Coruña organizáronse no sindicato de oficios La Heterogénea, de ideoloxía anarquista, formando unha asociación chamada El Alba de lavaderos y lavanderas. Coa forza da

unión marcan novas tarifas para o seu traballo que non son aceptadas, polo que o 1 de xuño de 1907 se poñen en folga durante 15 días. É, moi probablemente, unha das primeiras folgas de traballadoras non operarias.

Mais nun traballo como este non debemos esquecer para saber, para visualizar, para recoñecer o traballo, das galegas emigrantes. Coruñesas que padeceron a emigración, os traballos e as penurias cando miles tiveron que deixar o seu país para ir procurar un futuro fóra.

*Deixo amigos por extraños,
deixo a veiga polo mar;
deixo, en fin, canto ben quero...
¡quén puidera non deixar!*

É un acto de xustiza dar a coñecer proxectos pioneiros completamente descoñecidos como o é o das Fillas de Galicia. Nos anos da Primeira Guerra Mundial e os dous anos seguintes, Cuba foi o destino de moitas galegas, constituíndo as chamadas caravanas da dor, en palabras de Mercedes Viteiro, defensora dos dereitos da muller emigrante galega naqueles anos. A súa integración viuse dificultada polo rexeitamento dos seus paisanos. Desde A Coruña, a Irmandade Feminina xa esixía en 1919 a protección das mulleres emigradas, pero o Muy Ilustre Centro Gallego cerroulles as portas ata

É UN ACTO DE XUSTIZA
DAR A COÑECER
PROXECTOS PIONEIROS
COMO O É O DAS
'FILLAS DE GALICIA'

1959, mesmo aos servizos médicos. De aí a creación en 1917 da sociedade mutual Hijas de Galicia que, maila estar tutelada por homes, conseguiu dar protección sanitaria ás mulleres e aos seus fillos e fillas.

E nesta loita que é contra o esquecemento mais tamén contra a desmemoria programada por quen quere impoñer un relato que nos é alleo, temos que dar voz ás mulleres represaliadas polo franquismo: as asasinadas como Juana Capdevielle, a bibliotecaria preñada que logo de ver como o seu home, gobernador civil na Coruña era fusilado despois dunha farsa de xuízo ela é detida e paseada. As mestras Concepción González-Mosquera, cuxo cadáver apareceu na praia do Orzán e Mercedes Romero Abella, a mestra de Monelos cuxo corpo apareceu nunha estrada da Castellana. As represaliadas como María Barbeito ou Elvira Bao Maceiras, expulsadas da súa praza de mestras que tiveron que pechase na súa casa, daquelas que padeceron anos de cadea primeiro e exilio despois como Mercedes Núñez e tamén daquelas que foron enlace dos fuxidos no monte como María del Carmen García Mosquera. Ou aquelas que tiveron que exiliarse como Amparo López Jeán, a primeira muller que se afilia ao Partido Galeguista na cidade da Coruña e que morreu no exilio en Francia.

Inicialmente 150 biografías individuais, historias de vida moi diversa, escritoras, floristas como Pilar Lagares Galán, cigarreiras, operarias como Dolores Gayoso Díaz, unha das primeiras telegrafistas da cidade, modistas, inventoras como Ángela Ruíz Robles, precursora do libro electrónico. No Museo de Ciencia e Tecnoloxía da Coruña atópase, desde 2012, unha caixa que leva o curioso nome de *Aparato para lecturas e exercicios diversos*. Este aparato considérase hoxe en día como un antecedente do libro electrónico. En 2016 Google dedicoulle un *doodle* no aniversario do nacemento da súa inventora, Ángela Ruíz.

Mulleres da ciencia como María Wonenbunger mais tamén outras menos coñecidas como Celia Brañas, unha pioneira na defensa da educación para as mulleres e en concreto da educación científica. E tamén Williamina Fleming, unha das “calculadoras de Harvard”, preguntáredesvos por que unha astrónoma estadounidense de orixe escocés aparece neste proxecto da Coruña das Mulleres? Xa vos iremos contando...

Mulleres sen cancelas

Sempre houbo mulleres insignes en Galicia. En todos os tempos, en todos os campos, baixo todas as luces. [...] Cada unha brilla con luz propia e deixa tras de si luminoso ronsel...

Con estas palabras de Mari Luz Morales, a primeira muller que dirixe un periódico no estado español, *La Vanguardia* de Barcelona, dabamos en nome da AC Alexandre Bóveda a benvinda e as grazas ás persoas que polo corazón da cidade nos acompañaron nun paseo que realizamos no mes de marzo e que chamamos *Mulleres sen Cancelas*.

Con fidelidade á historia e á palabra libre, unha vez máis, e as que fagan falta, desde a ACAB (re)afirmamos o noso compromiso coa igualdade, nesta ocasión para fixar a ollada sobre mulleres singulares que navegaron contra corrente. Porque elas contan, teñen moito que dicir, e o seu pensamento e as súas accións son importantes para nós, para construír ese presente que queremos. Mulleres con luz propia, mulleres diversas na época na que viviron, no campo no que traballaron, na estela que deixaron... *Mulleres sen Cancelas* que rozaaron congostras e abriron camiños para as que viñan detrás.

Contra a desmemoria quixemos desde ACAB darlles voz e amosar doce historias feitas coa forza poderosa da sororidade e solidariedade entre mulleres e fixémoslo acompañadas de nove mulleres destacadas en diferentes disciplinas: a cineasta Margarita Ledo; a catedrática de Filosofía Carme Adán; a deseñadora Melania Freire, premio Fashion Talent 2019; a xornalista Carme Vidal; a cantautora Najla Shami; a actriz Mabel Rivera; a gaitreira Susana Seivane; a escultora Soledad Penalta; a poetisa Luz Pozo Garza e as Pandeireteiras das Encrobas.

Comezamos no Obelisco con Mari Luz Morales (1898-1980). Representante da Asociación de Escritores Galegos en Barcelona, participou activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de Galiza. Foi nomeada directora de *La Vanguardia* -onde traballaba desde os 26 anos- polo comité obreiro que tomou o control do xornal despois do golpe militar. Co triunfo do franquismo, é encarcerada nun convento e inhabilitada para exercer a profesión, que retoma despois da morte de Franco como

redactora do *Diario de Barcelona*. Como escritora dedica especial interese á divulgación da vida de mulleres ilustres.

Na casa da Condessa Verde, rúa Real, 56, recordamos a Juana de Vega (1805-1872). Nada no seo dunha familia liberal e ilustrada, coñece a Francisco Espoz y Mina aos 15 anos, co que casa en 1821 e ao que acompaña ao exilio polas súas ideas liberais. Xa viúva e co título de condessa de Espoz y Mina regresa á Coruña. A súa casa convértese no punto de reunión da sociedade liberal coruñesa. Realiza un destacado labor asistencial e no eido da educación, funda unha escola para nenos pobres e unha escola gratuita para adultos. A súa última vontade foi a creación dunha escola teórico-práctica de agricultura.

Mantiña unha estreita relación de amizade e colaboración coa escritora, xornalista, socióloga, pedagoga e ensaísta Concepción Arenal (1820-1893), quen pode que fose a primeira muller en asistir a unha universidade española, para o que tivo que disfrazarse de home. Defensora dos dereitos das persoas presas e das mulleres, reivindicou sempre a igualdade en todas as esferas sociais para a muller. Pioneira do feminismo, escribe en 1869 *A muller do porvir*.

María Miramontes (1895-1964), vivía no 36 da rúa Real. Comeza a traballar nun obradoiro de costura con 11 anos. Sendo moi nova, frecuenta os núcleos galeguistas da Coruña e forma parte das Irmandades da Fala e da súa Xunta Directiva. É probable que neses ambientes coñecese ao seu marido Ánxel Casal. Grazas aos ingresos do comercio de teas que abren en rúa Panadeiras e do seu traballo como modista, sufragaba iniciativas esenciais para a lingua e a cultura do país como as editoriais *Lar e Nós* ou as Escolas do Ensiño Galego.

Na que fora a Librería de Arte, rúa Real, 45 falamos de Syra Alonso (1899-1970). É a muller do cadro, unha presenza plástica e muda retratada pola súa parella, o pintor Francisco Miguel. En 1938, decide ofrecer testemuño da detención e asasinato de Francisco Miguel polos fascistas en 1936. Xa en México,



en 1945, continúa o relato coa viaxe ao exilio porque “non pode permitir que os seus fillos canten o *Cara ao sol* nin formen parte do exército fascista”. Os seus diarios foron publicados en 2000.

Fixemos unha parada no teatro que leva o nome de Rosalía de Castro (1837-1885). Unha das primeiras que se rebelou e decide asinar co seu nome, en vez de usar un pseudónimo masculino, como facían moitas escritoras europeas. Non é desde logo o único que ela cambia. Coa súa obra en galego, non só demonstra a viabilidade da literatura na lingua do

país, tamén coloca o centro do mundo na Galiza e crea o espazo da moderna cultura galega. En só 48 anos de vida, legou ao mundo varias obras mestras.

María Casares (1922-1996) é filla do político Santiago Casares Quiroga o que lle leva ao exilio a Francia con só 14 anos. Alí inicia a súa traxectoria no teatro e en 1942 debuta como primeira actriz. Nese momento coñece a Albert Camus co que mantén unha longa relación. Viaxa por máis de 20 países co Théâtre National Populaire e nunha desas viaxes reencóntrase no exilio bonaerense con Blanco Amor, Dieste, Seoane, Laxeiro e o actor Tacholas, cos que actúa nun recital galego. Pouco antes de morrer, María Casares acepta dar o seu nome aos Premios de Teatro da Asociación de Actores e Actrices de Galiza.

Micaela Chao (1892-1928) foi a única muller presente na xuntanza fundacional das Irmandades da Fala, acontecida en Rego de Auga, 38, e a primeira que fixo efectiva a súa afiliación. En 1917 forma parte da delegación das Irmandades a Cataluña e é a principal impulsora da constitución dunha Sección Feminina

MULLERES CON
LUZ PROPIA,
MULLERES
DIVERSAS NA
ÉPOCA NA QUE
VIVIRON, NO
CAMPO NO QUE
TRABALLARON,
NA ESTELA QUE
DEIXARON...
MULLERES SEN
CANCELAS



Foto: Arquivo Municipal

Falar e debater entre feministas

Na AC Alexandre Bóveda temos dous clubs de lectura, un de literatura universal que coordina Xoán Costa e outro de Lecturas Feministas, ELAS, que comezamos o ano pasado guiadas por Cristina Bajo e en colaboración coa Marcha Mundial das Mulleres, facemos encontros quincenais. No curso pasado gozamos, ou quedamos estarecidas, coa narración de Margaret Adwood, co ensaio de Virginie Despentes e a súa teoría King Kong; *Feminismo para todo o mundo* de bell hooks. *A Dúbida* de María Raimóndez e *Senlleiras* de Antía Yañez; *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión* de Carme Adán e *Un Cuarto propio* de Virginia Woolf.

En outubro seguimos porque, como di Carme Adán, “o patriarcado non acouga. Adáptase aos novos tempos” e nós non imos calar porque o silencio é cómplice. Xuntámonos para ler, falar, escoitarnos, debater, e, tamén claro, rir, rir moito. Inauguramos este o curso lendo *Neoliberalismo sexual: o mito da libre elección*, de Ana Miguel. Unha reflexión reveladora de como nunha sociedade supostamente igualitaria e defensora de valores como a liberdade, o neoliberalismo convirte as mulleres en mercadorías alleadas, co interese de fornecer a ideoloxía patriarcal.

Montse Fajardo é xornalista e investigadora en temas de memoria histórica, é unha das responsables do proxecto A Memoria das Mulleres. En *Invisibles* aborda a través de sete casos reais as distintas caras da violencia machista. Desde a máis evidente, o

maltrato físico, á violencia psicolóxica, e intenta amosar como afecta ás criaturas da parella, ademais de denunciar as eivas que presentan as institucións á hora de prestar axuda ás vítimas.

Unha autora que aínda que recoñecida polas súas grandes novelas é tamén unha escritora de relato breve, Emilia Pardo Bazán. Nunca deixou de denunciar a desigualdade entre mulleres e homes, que ela mesma padecía cando intentou ser membro da Real Academia Española. En *El Encaje roto* e outros relatos denuncia a violencia física, psicolóxica, sexual, patrimonial, social e simbólica.

ACAB é sempre un lugar para o encontro e o debate, para compartir saberes e experiencias. É por iso que nos últimos meses realizamos varias palestras en colaboración coa Marcha Mundial das Mulleres, coa idea de buscar camiños que o feminismo diverso pode percorrer en grupo:

A prostitución a debate. O 8M supuxo ter que abordar unha cuestión que a día de hoxe segue sen pecharse dentro do feminismo. Houbo quen preferiu obviar para non xerar fractura, e outra xente falou en nome de todo o feminismo autodenominado abolicionista. A prostitución non se reduce a dúas posturas, senón a un gran abano de opinións e propostas. A experiencia tivo unha grande acollida e evidenciou

a demanda e necesidade de seguir creando espazos onde poder levar a cabo estas reflexións e debater escoitándonos unhas as outras.

Existen as mulleres? Dentro do feminismo existe unha corrente que considera fóra do suxeito político as mulleres trans, isto levounos a falar dun concepto básico: existen as mulleres?

Hai dúas categorías de mulleres? O feminismo hexemónico unha vez máis pretende apropiarse de todas as voces e dar por sentado acordos que non existen. Debátamos e construíamos.

Estamos xa a preparar a nova programación de debates para os vindeiros meses:

Novas estratexias dentro do feminismo. Nos últimos tempos púxose en evidencia como o chamado feminismo hexemónico, que está nos espazos das universidades e determinadas organizacións, fai unha apropiación do movemento como tal. Silenciando e forzando a asumir determinadas posturas e marcando unha axenda. O feminismo no Estado español e concretamente na Galiza é moi diverso e con moitas cousas que dicir e que debater.

Arte e mocidade. Construindo discursos e facendo activismo feminista a través das artes. Unha das carencias máis notables na cidade da Coruña é a pouca visibilidade que se lle dá á xente máis nova que crea discursos e fai activismo a través das diferentes artes.

Arte e mocidade. Construindo discursos e facendo activismo feminista a través das artes. Unha das carencias máis notables na cidade da Coruña é a pouca visibilidade que se lle dá á xente máis nova que crea discursos e fai activismo a través das diferentes artes.

ACAB É SEMPRE UN LUGAR PARA O ENCONTRO E O DEBATE, PARA COMPARTIR SABERES E EXPERIENCIAS

Muller, lingua e canto tradicional

Desde a época dos ilustrados setecentistas lévase compilado poesía e canto tradicionais na Galiza. As persoas que se dedicaron a tales tarefas na época e nas seguintes centurias (Murguía, Pérez Ballesteros, Saco Arce, Sarmiento,

Schubarth & Santamarina etc.), ponderaron que a maioría deses materiais era cantada por mulleres, como tamén aconteceu noutros espazos de expresión lingüística galego-portuguesa. Correspondeulle a elas, pois, o labor de xeraren un legado que excede

presuntamente os 30.000 textos e que concede ao cancionero tradicional galego unha grande importancia do punto de vista cuantitativo e cualitativo. Non obstante, temos de sinalar que os máis deses cantares foron coleccionados e publicados por homes. As mulleres, as

(1918) no seo da Irmandade da Fala da Coruña, e da que é Conselleira Primeira. Ademais, colabora coas actividades do Conservatorio Nazional do Arte Galego como actriz.

O 18 de abril de 1934, no 32 de Rego de Auga, tiña lugar a exposición inaugural da Asociación de Artistas da Coruña e un fito: a primeira exposición conxunta de mulleres artistas, coa vontade de reclamar o status de pintoras. Entre elas estaban María Corredoyra (1893-1970) e Lolita Díaz Baliño (1905-1963).

En Rego de Auga, 25, atópase a casa natal de Emilia Pardo Bazán (1851-1921). De forte carácter, foi un *maremágnum* literario e unha contradición continua. Carlista e feminista, reaccionaria e moderna. Valedora do traballo da muller para acadar a súa emancipación, ela mesma decidiu a súa profesionalización e, para documentar *La Tribuna* (1822), non dubidou en acudir mañá e tarde durante dous meses á Fábrica de Tabacos da Coruña.

Rematamos na sede das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista (María Pita, 17), con Amparo López Jeán (1885-1942). Mestre de profesión, coa chegada da II República dedica a súa actividade á Agrupación Republicana Feminina, da que foi presidenta (1933-1936). Ingresou en 1935 no Partido Galeguista e foi vogal da súa executiva coruñesa. Durante a guerra desenvolve en Barcelona unha importante actividade política como membro do Comité Executivo do Partido Galeguista e Secretaria Xeral do Grupo Feminino Galeguista. En 2006, os seus restos foron trasladados desde Francia, onde se exiliara, ao cemiterio civil da Coruña.

Escollemos 12 historias pero poderían ser moitas máis, sabémolo. Desde Marcela e Elisa a Fany Garrido ou Mercedes Núñez... Non é unha ducia son centos.

verdadeiras responsábeis deles, rara ou nula vez conseguiron publicalos: unha ollada ás principais obras editadas verifica esta afirmación: fálase hoxe do cancionero de Casal Lois, do de Saco Arce, do de Inzenga ou do de Casto Sampedro, entre outros.

As consecuencias dese proceso de editorización deberon de ser certas. Unha delas, quizais a máis obvia, foi a selección. Algúns compiladores recusaron editar determinados textos por os consideraren pouco decorosos, cal foi o caso de Saco Arce. A partir de aquí cabe formularmos a pregunta de canta información sobre aspectos da vida da muller non ficou esquecida: o traballo, a sexualidade, o convivio familiar e veciñal... Os cantos tradicionais, lidos cos debidos óculos, son capaces de nos proporcionaren preciosos datos de carácter histórico, cultural e etnográfico, e

neste caso, se algúns non fosen suprimidos, tamén nos achegarían máis información ao respecto.

Mais unha consecuencia asenta na carga andróxina da poesía anónima. Moitas estrofas posúen uns marcadísimos contidos discriminatorios e até vexatorios contra a muller, produto dunha sociedade en que comportamentos homólogos eran vistos con normalidade. Se as comunidades rurais en que se xeraron eses cantos vivían nunha estrutura patriarcal, tamén vira lóxico asumirmos que o cancionero a reflecta. Porén, temos o intuïto de que unha cantidade de cantares en que se reivindicaba a figura feminina puido ser propositadamente esquecida polos colectores, que, con bastante seguranza, non gustarían de ouviren poemas en que a súa virilidade ou os seus privilexios como homes se visen prexudicados.

E unha terceira consecuencia, a noso ver, relaciónase cos trazos da lingua do cancionero. A procedencia socioeconómica das persoas ás cales foron colixidos os cantares correspondía a sectores populares, total ou practicamente monolingües en galego, e isto xa nos permite caracterizarmos estrática e diafasicamente esa literatura. Nestes medios, se as cantigas dan conta de fenómenos lingüísticos de carácter gramatical e lexical (e até dialectal), haberá que vincular toda esa información lingüística ás mulleres como principais transmisoras. Cabe pensarmos aquí que algunhas características que normalmente se adscriben á linguaxe feminina (o uso de apreciativos tipo -iña/o, a recorrencia a certo léxico ausente no discurso masculino, a utilización de fórmulas eufemísticas para desbotaren o emprego de

palabras socialmente inadecuadas, a maior constatación de cláusulas interrogativas en vez de imperativas etc.) conflúen na identificación lingüística do cancionero anónimo. Por iso, se determinados textos non fosen censurados ou editados por homes, posibelmente a información lingüística que nos proporcionaría tivese outros trazos se callar non exacta nin necesariamente coincidentes cos que coñecemos.

En definitiva, as mulleres foron as que xeraron e transmitiron ese tipo de literatura, aínda que o proceso de compilación e edición corresponde aos homes. Fican en aberto as preguntas que formulamos máis arriba relativas á censura de certos textos, ao grao de sexismo verificábel e aos trazos da lingua, a pesar de talvez lles non podermos procurar unha resposta convincente na actualidade.

Entrevista con María Xosé Bravo, presidenta de ACAB

“O memorial Ibán Toxeiro estará dedicado aos monicreques”

Con que actividades pecha ACAB 2019?

Desenvolvemos ata decembro o ciclo *Para estar no Mapa do Mundo*, con relatores como Xurxo Mariño, neurocientífico, divulgador e viaxeiro; Oliver Laxe, cineasta; Teresa Moure, escritora; Suso de Toro, escritor; Goretti San Martín, activista feminista e profesora; Jorge García Marín, profesor de Socioloxía e do Máster de Xénero da USC; María Castelo, politóloga e activista ecofeminista; Begonha De Bernardo Minho, enxeñeira agrónoma ou Ramón Grosfoguel, sociólogo e profesor da Universidade de Berkeley. Sen esquecer as clases de xadrez; de guitarra con Brais Morán, os clubs de lectura, actividade do grupo de teatro, videodanza etc.

En novembro será o Memorial Ibán Toxeiro, que novidades trae?

Este ano está dedicado aos monicreques e teremos con nós a Tanxarina Títeres, compañía que pasea as súas marionetas e o seu facer actoral desde hai 36 anos por Galiza e polo



mundo; Caramuxo Teatro presentará un espectáculo de máscaras; O Grandon Pedro e o seu Boneco Robertiño traerá ata nós o mundo da complicidade entre o ventrílocuo e o seu boneco. E o noso grupo de teatro ACAB dará vida ás pezas de xadrez da obra de Rafael Dieste *O drama do cabalo de xadrez*. Tamén convocaremos o II Premio Jenaro Marinhas del Valle.

Cales son os próximos proxectos?

Estamos a traballar nunha proposta de microcharlas que, a espera do título definitivo, chamaremos

Pílulas de Talento. Serán 10 intervencións de 12 minutos para a mañá do sábado 30 de novembro. Dez propostas moi diversas con dez convidadas que falarán cada unha do que lle apaixona. Ademais doutras actividades en colaboración con varias asociacións.

Cales son esas asociacións?

Temos en marcha proxectos moi interesantes: un ciclo de proxeccións internacionais sobre diferentes conflitos e realidades de pobos en loita, con Mar de Lumes. Contaremos cunha presentación a cargo de Esculca, Observatorio Galego de Dereitos Cívicos e Liberdades Públicas e, en decembro, co Festival de Música Contemporánea RESIS, faremos *Encontros coa Videodanza*, comisariado por Belén Montero. Descubriremos as posibilidades desta disciplina artística onde dialogan distintas linguaxes creativas como son a danza, o cinema e a música. Ollaremos a historia do xénero dentro e fóra de Galiza e falaremos cas súas autoras e autores.

Que é o colectivo Ollo de Vidro?

A partir dun curso impartido por Carlos Silvar en 1985 formouse o Colectivo de Creación Audiovisual Ollo de Vidro. Co tempo foi amortecendo, mais hoxe parte dos primeiros integrantes están a reactivalo dun xeito anovado, coa ilusión de medrar e consolidarse aos poucos. Ollo de Vidro sempre foi un colectivo aberto e segue a selo, polo que calquera persoa que desexe unirse, está convidada.

Cantas persoas socias ten ACAB?

Arredor de 300, mais hai que engadir todas aquelas que acoden ás nosas actividades. As socias teñen descontos e son as primeiras en coñecer as actividades, que logo compartimos na nosa web www.alexandreboveda.gal e nas nosas canles de Instagram (@alexandreboveda); Facebook (@alexandreboveda); Twitter (@acboveda) e Youtube (A.C. Alexandre Bóveda). A verdade é que facemos un esforzo moi importante para estar presente nas redes e dar a coñecer todo o que facemos.